

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena do Demo dos Montes Corregosos

A Pena do Demo está situada nos montes Corregosos, en Vilar de Mouros, Consello d'A Capela (A Coruña). Por alí pasaba sempre un home cun carro de carbón. O Demo, que era moi malo, tiráballe do carro cargado cara atrás, ríase del cando cando lle caía o carbón, e cando os bois non podían coa carga.

Un día, o home foi falar con Deus e díxolle:

□Deus, eu véñoche pedir que me botes unha man se podes, porque o demo anda a facer das súas cando eu paso por alí co carro.

Un día o Demo estaba durmindo debaixo da pena, e o home pasaba por alí co seu carro. Deus colleu o carro e púxoo enriba da pena facendo forza para mancar ao demo, e da forza que fixo quedaron alí as pegadas, e aínda hoxe están alí.

BIBLIOGRAFÍA

«Museo Etnográfico de A Capela», en *O Retorno*, nº 3: Museo Etnográfico de A Capela, Asociación Patronato do Museo Etnográfico de A Capela 2009.